

Estudo do
mercado laboral

GALICIA



2007

[Estudo do mercado laboral. Galicia 2007 ◦◦◦



EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Mar Martínez Besada
Ricardo Fernández López
Sergio Cantalejo Díaz
Esther Sánchez González
M^a Belén Yañez Barge
Tomás González Mouriño
Juan Cirilo Arnosa Casal
Eva Uriach Masgoret
Rosa M^a Fernández Fernández

EQUIPO AUXILIAR:

M^a Jesús Iglesias Ferreiro

DESEÑA E IMPRIME:

Grafisant, S.L. (Compostela)

DEPÓSITO LEGAL:

C 3329-2008

ISSN:

1579 – 5675



1.- INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DO MERCADO LABORAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	7
1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información	8
1.1.1.- Perfil socioeconómico	8
1.1.2.- Tecido empresarial	8
1.1.3.- Paro rexistrado	9
1.1.4.- Contratos	10
1.2.- Definicións e taxas	11
2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL	21
2.1.- Perfil sociodemográfico	21
2.1.1.- Poboación	21
2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)	24
2.2.- Tecido empresarial	28
2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Datos absolutos. Porcentaxes. Ano 2007	28
2.2.2.- Evolución do número de empresas	29
2.2.3.- Evolución do número de traballadores	30
2.2.4.- Evolución do número de autónomos	31
2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores	32
2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores	33
2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores	34
2.2.8.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos	36
2.2.9.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos segundo o número de traballadores	37
2.2.10.- Autónomos con crecemento sostido nos últimos cinco anos	38
2.3.- Paro rexistrado	39
2.3.1.- Parados rexistrados por sexo	39
2.3.2.- Parados rexistrados por provincia	40
2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado	41
2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado	42
2.3.5.- Parados rexistrados por idade e sexo	44
2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade	45
2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo	46
2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo	47
2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda	48
2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda	49
2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia	50
2.3.12.- Evolución anual dos parados por sector económico de procedencia	51
2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación	52
2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación	54
2.3.15.- As dez ocupacións máis contratadas	56

2.4.- Contratos	57
2.4.1.- Contratos realizados por sexo	57
2.4.2.- Contratos realizados por provincia	58
2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por sexo (2003-2007)	59
2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos	60
2.4.5.- Contratos por idade e sexo	62
2.4.6.- Evolución anual dos contratos por idade	63
2.4.7.- Contratos por nivel formativo	64
2.4.8.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo	65
2.4.9.- Contratos por tipoloxía	67
2.4.10.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía	68
2.4.11.- Índice de rotación	70
2.4.12.- Contratos por sector económico	71
2.4.13.- Evolución anual dos contratos por sector de actividade	72
2.4.14.- Contratos por gran grupo de ocupación	74
2.4.15.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación	75
2.4.16.- As dez ocupacións máis contratadas	77
2.5.- Conclusións	79

1.- INTRODUCCIÓN AO ESTUDO DO MERCADO LABORAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O informe *Estudo do mercado laboral na Comunidade Autónoma de Galicia* é un estudo que anualmente vén elaborando o Instituto Galego das Cualificacións, adscrito á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo.

A este instituto correspóndelle, entre outras funcións, a análise permanente das necesidades de cualificación dos distintos colectivos, de xeito que sirva de marco de referencia para elaborar e articular as ofertas normativas do sistema de formación profesional e para a súa actualización permanente.

O Instituto Galego das Cualificacións, a través do Servizo do Observatorio Ocupacional, analiza e proporciona información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución para adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non cabe dúbida de que tanto os organismos como as entidades implicadas nas tarefas de deseñar e desenvolver actuacións de emprego e formación na nosa Comunidade Autónoma necesitan dispor de estudos que lles faciliten coñecementos sobre a estrutura e o comportamento do mercado de traballo galego.

Con este propósito elabórase este informe, que confiamos que constitúa un instrumento de consulta que nos permita coñecer as características do noso contorno e a realidade do mercado de traballo en Galicia a través da análise das principais variables que determinan o mercado de traballo, é dicir: o tecido empresarial e laboral, a demanda e a contratación.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes.

- □ Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- □ Mostrar a evolución temporal experimentada en parámetros concretos seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

Estes dous obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de *informar acerca da realidade sociolaboral galega, desde a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa Comunidade Autónoma, para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes catro bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro e os contratos. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- □ A determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- □ A explotación da información obtida directamente das bases de datos a través da depuración e contraste dos resultados.

Nos seguintes apartados expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

□ □ □ 1.1.1.- Perfil sociodemográfico

Neste bloque óptase por facer unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2007, debido a que tanto os datos para a nosa Comunidade Autónoma como as definicións e a metodoloxía están integradas na Enquisa de Poboación Activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística.

□ □ □ 1.1.2.- Tecido empresarial

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: as empresas, os traballadores por conta allea e os traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos) e, por outra, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal (ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego), porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos, o que posibilita realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha dedicada á situación actual das citadas variables e outra sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao proceder de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar baixo a epígrafe de “traballadores” os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar descontínuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.

□ □ □ 1.1.3.- Paro rexistrado

O estudo do paro rexistrado do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis

común de parado existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

O colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego, e enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo do paro provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a súa comparación temporal, pero cómpre sinalar que só se analizaron os datos dos últimos tres anos debido a que a partir de maio de 2005 se pon en marcha un novo Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego (SISPE) para mellorar a forma de medir o paro rexistrado, o que dificulta establecer unha comparativa temporal de máis alá dos referidos tres anos.

1.1.4.- Contratos

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2007 e utiliza para a súa análise a base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta

caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2003 ao 2007.

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

Poboación economicamente activa: é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, as persoas que se ocupan do seu fogar, os xubilados ou prexubilados, os pensionistas, os incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

Ocupados: son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- ▣▣ Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- ▣▣ Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Parados: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- ▣▣ Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- ▣▣ Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para se estableceren pola súa conta durante o mes precedente.

Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

□ □ Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano x menos as do ano anterior $x-1$, dividido polo número de contratos do $x-1$ e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 05-06 obtéñase do seguinte xeito¹:

$$\left[\% \text{ Var. interanual}_{06-07} = \frac{C_{07} - C_{06}}{C_{06}} \times 100 \right]$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

□ □ Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. Se lle chamamos C_{2007} e C_{2005} ao número de contratos nos anos 2007 e 2005, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte²:

$$\left[\% \text{ VMA} = \left[\sqrt[2]{\frac{C_{2007}}{C_{2005}}} - 1 \right] \times 100 \right]$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso $3-1=2$, o que implica unha raíz cadrada)

⁽¹⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

⁽²⁾ Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

Obteríamos deste xeito o crecemento medio acadado nos tres anos estudados³.

CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE 93 con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións da CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

sector económico	subsector económico
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria Electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalaría e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico Transporte, almacenamento e comunicacións Outros servizos

No derradeiro apartado, baixo a epígrafe outros servizos, encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, Administración pública,

⁽³⁾ Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes apartados do estudo. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media sería calculada como unha raíz cuarta.

defensa e Seguridade Social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos cales se descoñece o sector económico concreto a que pertencen.

Elabóranse tamén gráficos circulares na industria e nos servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE, que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma para establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc na Industria
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimentarios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTEL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletaría	
19	preparación, curtume e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe	OUTRAS INDUSTRIAS
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc na Industria
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUCTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUCTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	OUTRAS INDUSTRIAS
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipos e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	OUTRAS INDUSTRIAS
37	reciclaxe	

código CNAE	descripción das divisións CNAE	subseccións ad hoc nos Servizos
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO AGÁS AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalaría	HOSTALARÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	AA.PP.
80	educación	EDUCACIÓN
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVIZOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	OUTROS SERVIZOS
95	fogares que empregan persoal doméstico	
99	organismos extraterritoriais	

2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL.

2.1. Perfil sociodemográfico

2.1.1.- Poboación

Cos datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2007, a poboación total da Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2007 acada un total de 2.772.533 habitantes (dos cales 1.337.159 son homes e 1.435.374 son mulleres), o que supón o 6,13% da poboación do Estado. Respecto ao ano 2006 o incremento da poboación de Galicia foi de 8.283 persoas, mentres que no período 2005 e 2006 o aumento foi de 61.350 habitantes.

	Total	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
GALICIA	2.772.533	1.337.159	1.435.374	48,23	51,77
ESPAÑA	45.200.737	22.339.962	22.860.775	49,42	50,58

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes.

A poboación estranxeira residente na nosa Comunidade é de 81.442, dos cales 39.632 son homes e 41.810 son mulleres; esta poboación medrou respecto ao ano pasado en 9.646 persoas, o que nos confirma o incremento continuado (aínda que a súa proporción na nosa Comunidade segue a ser inferior á do Estado) deste colectivo e o que permite que a poboación total aumente lixeiramente.

Poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2007. Galicia


	Total	Homes	Mulleres
TOTAL	2.772.533	1.337.159	1.435.374
0-4	103.500	53.543	49.957
5-9	100.733	52.123	48.610
10-14	108.989	55.927	53.062
15-19	129.156	66.251	62.905
20-24	162.258	82.391	79.867
25-29	213.344	107.728	105.616
30-34	223.688	112.369	111.319
35-39	213.828	106.770	107.058
40-44	203.404	100.773	102.631
45-49	198.328	98.443	99.885
50-54	179.677	89.088	90.589
55-59	171.152	84.177	86.975
60-64	166.193	79.866	86.327
65-69	134.159	62.370	71.789
70-74	161.904	72.171	89.733
75-79	130.095	54.629	75.466
80-84	92.494	34.581	57.913
85 E MÁIS	79.631	23.959	55.672

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Extraído de <http://www.ine.es>

O cadro anterior reflicte que nacen máis nenos que nenas e que a proporción de homes é superior á das mulleres ata aproximadamente a idade de 35 anos, proporción que se inverte a partir de aquí, sendo a diferenza notable nos últimos tramos de idade.

En canto á estrutura por idades, o grupo de idade maioritario é o tramo de entre 30-34 anos.

Pirámide de poboación de Galicia no ano 2007



A pirámide de poboación de Galicia presenta unha silueta que sinala que a maior parte da poboación se concentra nas idades centrais, cunha base moi estreita, o cal nos indica que a proporción de nenos respecto á totalidade da poboación é moi baixa. Pola contra, a poboación que conta con máis de 65 anos si ten un peso importante, o que converte Galicia nunha das comunidades cunha poboación máis envellecida do Estado.

□ □ □ 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de Poboación Activa (poboación activa, ocupada e parada).

Taxas de actividade, ocupación e paro por sexo. Galicia. Metodoloxía EPA 2005

Unidades: porcentaxe

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2006	53,6	62,2	45,8	49,1	58,4	40,5	8,5	6,1	11,4
2006/I	53,5	62,1	45,8	48,2	57,5	39,7	10	7,3	13,3
2006/II	53,2	62	45,1	48,6	58,3	39,8	8,6	6	11,8
2006/III	54,1	62,6	46,4	50,2	59,2	42	7,3	5,5	9,4
2006/IV	53,6	62,1	45,9	49,3	58,7	40,7	8,1	5,4	11,3
2007	54,3	63,3	46	50,1	59,7	41,4	7,6	5,7	10
2007/I	53,8	63	45,4	49	59,1	39,9	8,8	6,1	12,2
2007/II	54,4	63,3	46,3	50,3	59,8	41,5	7,6	5,4	10,3
2007/III	54,7	63,4	46,7	51	59,7	43	6,7	5,8	7,9
2007/IV	54,2	63,6	45,7	50,2	60	41,2	7,5	5,6	9,8

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa

□ □ **A poboación activa** de Galicia incrementouse no ano 2007 en relación co ano 2006 en 0,7 puntos. Se se ten en conta a variable sexo, a taxa de actividade é maior no colectivo masculino en 17,3 puntos. É este colectivo tamén o que presenta un crecemento máis notable: mentres a taxa de actividade dos homes creceu en 1,1 puntos, a das mulleres tan só o fixo en 0,2 puntos. No Estado tamén aumentou a taxa de actividade en 0,59 centésimas e, tal e como sucede en Galicia, a taxa dos homes é superior á das mulleres en 20,34 puntos. Porén, a taxa de actividade das mulleres aumentou en case 1 punto, mentres que a dos homes tivo unha subida de 0,15.

Se comparamos os datos do Estado cos de Galicia, vemos que a taxa de actividade de España é superior á de Galicia, tanto en relación co total de activos (4,62 puntos) como por sexos; así, se atendemos ao colectivo de homes, a diferenza con Galicia acada os 5,98 puntos e nas mulleres os 2,94 puntos.

□ □ **A poboación ocupada** de Galicia non mantén un ritmo de crecemento continuo nos catro trimestres do ano 2007, no último trimestre prodúcese un descenso. Aínda así, a taxa de ocupación media incrementouse respecto ao ano anterior en 1 punto.

Se a análise se fai por sexo, prodúcese o mesmo fenómeno descrito no parágrafo anterior para ambos os sexos: un crecemento irregular segundo o trimestre pero unha variación relativa media anual positiva, tanto para os homes como para as mulleres; porén, cómpre sinalar que a taxa de ocupación das mulleres galegas é sensiblemente inferior á dos homes (-18,3 puntos).

Se establecemos comparacións coa taxa de ocupacións do conxunto do Estado, observamos que o comportamento é similar ao de Galicia, aínda que aquel presenta cifras superiores ás da nosa Comunidade. Daquela, a taxa de ocupación en España para o 2007 foi 4,4 puntos superior. Se falamos do caso dos homes, a diferenza é máis notable: 5,16 puntos a favor do Estado, cifra que se reduce para as mulleres, colectivo en que a diferenza con Galicia é de 2,23 puntos.

□ □ **A poboación parada** descendeu en todos os trimestres do ano 2007 agás no último, cando se produce un aumento nos dous ámbitos xeográficos que nos ocupan. Porén, se comparamos a taxa media anual do ano 2007 coa do ano anterior, vemos que a taxa de paro de Galicia descendeu en 0,9 puntos, mentres que a de España diminuíu en 0,25 puntos.

Taxas de actividade, emprego e paro por sexo. España. Metodoloxía EPA 2005

Unidades: porcentaxe


	Taxa de actividade			Taxa de emprego			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2006	58,33	69,13	47,95	53,36	64,76	42,41	8,51	6,31	11,56
2006TI	57,98	68,93	47,47	52,72	64,23	41,67	9,07	6,81	12,22
2006TII	58,3	69,09	47,93	53,32	64,69	42,41	8,53	6,36	11,53
2006TIII	58,44	69,48	47,83	53,68	65,29	42,52	8,15	6,02	11,11
2006TIV	58,58	69	48,56	53,72	64,81	43,05	8,3	6,06	11,36
2007	58,92	69,28	48,94	54,05	64,86	43,63	8,26	6,37	10,85
2007TI	58,58	68,93	48,94	53,62	64,57	43,08	8,47	6,32	11,39
2007TII	58,86	69,33	48,61	54,18	65,09	43,66	7,95	6,1	10,49
2007TIII	59,1	69,61	48,98	54,36	65,28	43,82	8,03	6,21	10,53
2007TIV	59,12	69,23	49,37	54,03	64,51	43,94	8,6	6,83	11

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa


Por sexo, a taxa de paro das mulleres galegas case duplica á dos homes. No entanto, o descenso da taxa de paro feminino foi superior ao do masculino, e isto tamén é común aos dous territorios; desta maneira, a taxa media para as galegas descendeu en 1,4 puntos, mentres que a dos galegos foi de 0,4 puntos.

Comparando as taxas de paro de Galicia e de España, tal como sucedía no 2006, o ano 2007 tamén remata cunhas cifras favorables para a nosa Comunidade, situándose a taxa de paro de Galicia por debaixo da do Estado en 0,66 puntos, tanto no conxunto da poboación como se a análise se fai por sexo.


Taxa de actividade



Taxa de paro



Taxa de ocupación




2.2. Tecido empresarial

□ □ □ 2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Datos absolutos. Porcentaxes. Ano 2007

	Empresas	%	Traballadores	%	Autónomos	%
A CORUÑA	47.804	39,42	367.265	41,74	77.804	40,50
LUGO	15.682	12,93	108.739	12,36	24.139	12,57
OURENSE	13.687	11,29	87.403	9,93	24.344	12,67
PONTEVEDRA	44.104	36,37	316.396	35,96	65.800	34,26
TOTAL	121.277	100,0	879.803	100,0	192.087	100,00

Observando a táboa anterior, o tecido produtivo de Galicia mantén un comportamento practicamente inalterable ao do ano anterior. A nota que define o noso tecido empresarial é a súa concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra, representando as tres cuartas partes da totalidade, tanto das empresas como dos traballadores e dos autónomos.

Tecido produtivo




2.2.2.- Evolución do número de empresas

Empresas	Evolución. Período 2003-2007													
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
A CORUÑA	42.399	44.183	46.017	46.809	47.804	1.784	4,21	1.834	4,15	792	1,72	995	2,13	3,05
LUGO	13.923	14.723	15.246	15.477	15.682	800	5,75	523	3,55	231	1,52	205	1,32	3,02
OURENSE	12.587	12.983	13.366	13.523	13.687	396	3,15	383	2,95	157	1,17	164	1,21	2,12
PONTEVEDRA	38.982	40.326	42.326	43.279	44.104	1.344	3,45	2.000	4,96	953	2,25	825	1,91	3,13
TOTAL	107.891	112.215	116.955	119.088	121.277	4.324	4,01	4.740	4,22	2.133	1,82	2.189	1,84	2,97

Poderíamos sinalar que as catro provincias experimentaron un crecemento continuo ao longo dos cinco anos (aínda que o ritmo de crecemento é menor nos últimos dous anos), pero é a provincia de Pontevedra a que rexistra unha maior variación media anual (3,13%).

Evolución do número de empresas




□ □ □ 2.2.3.- Evolución do número de traballadores

Traballadores	Evolución. Período 2003-2007													
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
A CORUÑA	316.311	327.636	340.195	356.232	367.265	11.325	3,58	12.559	3,83	16.037	4,71	11.033	3,10	3,80
LUGO	99.418	100.575	103.172	106.571	108.739	1.157	1,16	2.597	2,58	3.399	3,29	2.168	2,03	2,27
OURENSE	78.691	79.833	81.761	84.874	87.403	1.142	1,45	1.928	2,42	3.113	3,81	2.529	2,98	2,66
PONTEVEDRA	273.668	280.279	291.891	306.081	316.396	6.611	2,42	11.612	4,14	14.190	4,86	10.315	3,37	3,69
TOTAL	768.088	788.323	817.019	853.758	879.803	20.235	2,63	28.696	3,64	36.739	4,50	26.045	3,05	3,45

A evolución do número de traballadores no último quinquenio foi positiva nas catro provincias, aínda que son as da Coruña e Pontevedra as que rexistran un incremento máis importante, tanto en termos absolutos como relativos. Se nos referimos ao último ano, a provincia que máis aumentou, en termos relativos, foi a de Pontevedra (3,37), mentres que se atendemos á variación media anual, a provincia que destaca co valor máis alto é a da Coruña (3,80%).

Por último, se atendemos ás cifras absolutas, en 2007 había na nosa Comunidade 111.715 traballadores máis que en 2003.

Evolución do número de traballadores




2.2.4.- Evolución do número de autónomos

Autónomos	Evolución. Período 2003-2007													
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
A CORUÑA	69.706	72.167	74.041	75.902	77.804	2.461	3,53	1.874	2,6	1.861	2,51	1.902	2,51	2,79
LUGO	21.871	22.677	23.310	23.742	24.139	806	3,69	633	2,79	432	1,85	397	1,67	2,50
OURENSE	22.944	23.437	23.756	24.127	24.344	493	2,15	319	1,36	371	1,56	217	0,9	1,49
PONTEVEDRA	58.390	60.661	62.629	64.233	65.800	2.271	3,89	1.968	3,24	1.604	2,56	1.567	2,44	3,03
TOTAL	172.911	178.942	183.736	188.004	192.087	6.031	3,49	4.794	2,68	4.268	2,32	4.083	2,17	2,66

Nos últimos cinco anos o número de traballadores autónomos aumentou de forma continuada nas catro provincias. O crecemento medio anual non é igual en todas elas: a que experimenta a maior variación media é a de Pontevedra, co 3,03%, seguida da provincia da Coruña, co 2,79%.

Evolución do número de autónomos




2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores

						Evolución. Período 2003-2007									V.M. anual
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%		
Agricultura e pesca	4.882	6.209	6.269	6.247	6.322	1.327	27,18	60	0,97	-22	-0,35	75	1,20	6,68	
S. PRIMARIO	4.882	6.209	6.269	6.247	6.322	1.327	27,18	60	0,97	-22	-0,35	75	1,20	6,68	
Industria	11.709	11.613	11.608	11.442	11.555	-96	-0,82	-5	-0,04	-166	-1,43	113	0,99	-0,33	
Electricidade	183	178	185	179	185	-5	-2,73	7	3,93	-6	-3,24	6	3,35	0,27	
S. SECUNDARIO	11.892	11.791	11.793	11.621	11.740	-101	-0,85	2	0,02	-172	-1,46	119	1,02	-0,32	
Construción	15.663	16.164	16.701	17.050	17.404	501	3,20	537	3,32	349	2,09	354	2,08	2,67	
CONSTRUCCIÓN	15.663	16.164	16.701	17.050	17.404	501	3,20	537	3,32	349	2,09	354	2,08	2,67	
Comercio e hostalaría	37.055	37.892	38.865	39.282	39.554	837	2,26	973	2,57	417	1,07	272	0,69	1,64	
Transporte e comunicacións	5.381	5.654	5.899	6.222	6.406	273	5,07	245	4,33	323	5,48	184	2,96	4,46	
Outros servizos	32.926	34.492	37.424	38.666	39.851	1.566	4,76	2.932	8,5	1.242	3,32	1.185	3,06	4,89	
S. SERVICIOS	75.362	78.038	82.188	84.170	85.811	2.676	3,55	4.150	5,32	1.982	2,41	1.641	1,95	3,30	
Sen actividade	92	13	4	0	0	-79	-85,87	-9	-69,2	-4	-100	0	0,00	0	
TOTAL	107.891	112.215	116.955	119.088	121.277	4.324	4,01	4.740	4,22	2.133	1,82	2.189	1,84	2,97	

Na evolución do número de empresas por sectores, vemos como o sector primario, sector tradicional e prioritario na nosa Comunidade, foi o que rexistrou unha variación media anual máis alta, co 6,68%, seguido do subsector outros servizos, co 4,89%.

Respecto ao ano 2007 incrementouse o número de empresas no sector de agricultura e pesca en 75 empresas, o que supón en termos relativos o 1,2%; tamén se recupera o subsector industria, o cal, despois de ter un balance negativo nos anos precedentes, presenta unha recuperación en 2007 cun incremento de 113 empresas, co 0,99%. Polo que respecta ao sector da construción, experimenta un crecemento continuo ao longo de todo o quinquenio; comportamento similar tivo o sector servizos. Cómpre sinalar, por último, que é o sector servizos o que engloba maior número de empresas, seguido, pero xa a bastante distancia, do sector da construción.


Distribución subsectorial das empresas (2007)



2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores

	Evolución. Período 2003-2007													
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
Agricultura e pesca	96.047	91.939	87.632	84.497	80.550	-4.108	-4,28	-4.307	-4,68	-3.135	-3,58	-3.947	-4,67	-4,30
S. PRIMARIO	96.047	91.939	87.632	84.497	80.550	-4.108	-4,28	-4.307	-4,68	-3.135	-3,58	-3.947	-4,67	-4,30
Industria	138.088	139.120	140.524	145.550	154.614	1032	0,75	1.404	1,01	5.026	3,58	9.064	6,23	2,87
Electricidade	4.453	4.289	4.125	3.963	3.966	-164	-3,68	-164	-3,82	-162	-3,93	3	0,08	-2,85
S. SECUNDARIO	142.541	143.409	144.649	149.513	158.580	868	0,61	1.240	0,86	4.864	3,36	9.067	6,06	2,70
Construción	86.262	89.912	95.920	101.768	103.172	3.650	4,23	6.008	6,68	5.848	6,1	1.404	1,38	4,58
CONSTRUCCIÓN	86.262	89.912	95.920	101.768	103.172	3.650	4,23	6.008	6,68	5.848	6,1	1.404	1,38	4,58
Comercio e hostalaría	153.136	159.342	167.819	174.975	178.094	6.206	4,05	8.477	5,32	7.156	4,26	3.119	1,78	3,85
Transporte e comunicacións	34.497	35.611	37.374	40.496	44.255	1.114	3,23	1.763	4,95	3.122	8,35	3.759	9,28	6,43
Outros servizos	255.437	268.070	283.620	302.509	315.152	12.633	4,95	15.550	5,8	18.889	6,66	12.643	4,18	5,39
S. SERVIZOS	443.070	463.023	488.813	517.980	537.501	19.953	4,50	25.790	5,57	29.167	5,97	19.521	3,77	4,95
Sen actividade	168	40	5	0	0	-128	-76,19	-35	-87,5	-5	-100	0	0	0,00
TOTAL	768.088	788.323	817.019	853.758	879.803	20.235	2,63	28.696	3,64	36.739	4,5	26.045	3,05	3,45

Polo que se refire á evolución do número de traballadores, tal como se pode observar no cadro anterior, prodúcese un descenso continuo do número de traballadores no sector de agricultura e pesca durante todo o quinquenio, cunha variación media anual de -4,3%; esta tendencia negativa é común ao subsector electricidade, o cal tamén perde traballadores, aínda que no ano 2007 experimenta unha leve recuperación, aumentando en tres traballadores (0,08%). En sentido contrario compórtanse o resto dos sectores, que experimentan unha evolución positiva ao longo dos cinco anos; destacan o subsector transporte e comunicacións, o que máis crece, cunha variación media anual de 6,43%, seguido do subsector outros servizos, con 5,39% de variación media anual. Cómpre destacar que, tal como acontecía coas empresas, tamén aquí o sector servizos ocupa máis da metade da totalidade de traballadores ocupados.


Distribución subsectorial dos traballadores (2007)**2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores**

	Evolución. Período 2003-2007													
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
Agricultura e pesca	2.803	3.060	3.335	3.656	3.962	257	9,17	275	8,99	321	9,63	306	8,37	9,04
S. PRIMARIO	2.803	3.060	3.335	3.656	3.962	257	9,17	275	8,99	321	9,63	306	8,37	9,04
Industria	16.147	16.264	16.184	16.236	16.192	117	0,72	-80	-0,49	52	0,32	-44	-0,27	0,07
Electricidade	63	59	65	68	70	-4	-6,35	6	10,17	3	4,62	2	2,94	2,67
S. SECUNDARIO	16.210	16.323	16.249	16.304	16.262	113	0,70	-74	-0,45	55	0,34	-42	-0,26	0,08
Construción	27.450	28.931	30.146	31.742	33.570	1.481	5,40	1.215	4,20	1.596	5,29	1.828	5,76	5,16
CONSTRUCCIÓN	27.450	28.931	30.146	31.742	33.570	1.481	5,40	1.215	4,20	1.596	5,29	1.828	5,76	5,16
Comercio e hostalaría	82.509	83.974	84.986	85.177	85.067	1.465	1,78	1.012	1,21	191	0,22	-110	-0,13	0,77
Transporte e comunicacións	12.575	12.699	12.778	12.861	12.863	124	0,99	79	0,62	83	0,65	2	0,02	0,57
Outros servizos	31.115	33.722	36.020	38.251	40.351	2.607	8,38	2.298	6,81	2.231	6,19	2.100	5,49	6,71
S. SERVICIOS	126.199	130.395	133.784	136.289	138.281	4.196	3,32	3.389	2,60	2.505	1,87	1.992	1,46	2,31
Sen actividade	249	233	222	13	12	-16	-6,43	-11	-4,72	-209	-94,1	-1	-7,69	-53,15
TOTAL	172.911	178.942	183.736	188.004	192.087	6.031	3,49	4.794	2,68	4.268	2,32	4.083	2,17	2,66

A evolución do número de autónomos caracterízase polo crecemento continuo en todos os sectores agás no sector secundario, especialmente no subsector da industria, que ten un crecemento irregular dependendo do ano. Tamén o subsector de comercio e hostalaría acusa un descenso de 110 traballadores no ano 2007, o que supón en termos relativos o -0,13%. Se analizamos a variación media anual, o sector dominante é o sector primario (9,04%).

Por outra banda, tal como sucedía co número de empresas e co número de traballadores, o sector que concentra a maioría dos autónomos é o de servizos e, dentro deste, o subsector de comercio e hostalaría.

Distribución subsectorial de autónomos (2007)



2.2.8.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos

CNAE	DESCRICIÓN - CNAE	2003	2004	2005	2006	2007	07-03
95	Fogares que empregan persoal doméstico	9.533	10.040	11.611	11.779	12.070	2.537
45	Construción	15.663	16.164	16.701	17.050	17.404	1.741
1	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	725	2.021	2.148	2.208	2.260	1.535
74	Outras actividades empresariais	6.452	6.748	7.247	7.647	7.976	1.524
55	Hostalaría	10.249	10.491	10.892	11.233	11.418	1.169
70	Actividades inmobiliarias	1.750	1.986	2.268	2.567	2.675	925
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	4.240	4.427	4.608	4.882	5.014	774
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	2.798	2.891	3.008	3.129	3.301	503
93	Actividades diversas de servizos persoais	3.370	3.524	3.683	3.726	3.791	421
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	1.645	1.724	1.775	1.805	1.882	237
63	Actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	842	917	966	1.008	1.038	196
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira	724	747	807	855	912	188
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas	1.518	1.565	1.651	1.684	1.696	178
2	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	225	239	252	254	329	104
72	Actividades informáticas	403	432	449	460	507	104
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	737	749	765	765	790	53
73	Investigación e desenvolvemento	51	60	65	77	94	43
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	82	86	96	98	110	28
64	Correos e telecomunicacións	203	210	215	216	229	26
19	Preparación, curtume e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinaría e viaxe	36	36	39	39	41	5

2.2.9.- Empresas con crecemento sostido nos últimos cinco anos segundo o número de traballadores

CNAE	DESCRIPCIÓN - CNAE	2003	2004	2005	2006	2007	07-03
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	43.192	45.546	48.750	50.988	64.499	21.307
74	Outras actividades empresariais	54.275	58.338	63.403	70.313	73.100	18.825
45	Construción	86.262	89.912	95.920	101.768	103.172	16.910
52	Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	62.473	64.754	69.122	72.253	73.553	11.080
55	Hostalaría	32.297	34.031	36.476	38.440	39.932	7.635
95	Fogares que empregan persoal doméstico	15.471	16.430	19.189	19.676	20.359	4.888
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	15.114	15.420	16.242	17.578	19.859	4.745
34	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	15.298	15.415	15.610	16.544	19.811	4.513
60	Transporte terrestre; transporte por tubos	20.522	21.011	21.766	23.758	24.441	3.919
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	20.070	20.548	21.301	22.149	23.386	3.316
80	Educación	22.747	23.140	24.410	25.556	26.014	3.267
63	Actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	7.988	8.556	8.981	9.950	11.172	3.184
64	Correos e telecomunicacións	4.887	4.925	5.331	5.634	7.544	2.657
72	Actividades informáticas	2.846	3.235	3.856	4.355	5.448	2.602
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	19.090	19.702	20.028	20.586	21.419	2.329
92	Actividades recreativas, culturais e deportivas	9.510	10.052	10.531	11.267	11.778	2.268
93	Actividades diversas de servizos persoais	9.107	9.746	10.272	10.686	10.810	1.703
70	Actividades inmobiliarias	4.453	4.947	5.429	5.994	6.020	1.567
29	Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	4.838	4.944	5.049	5.492	6.163	1.325
65	Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	13.166	13.278	13.421	14.017	14.455	1.289
27	Metalurxia	3.095	3.229	3.527	3.786	4.112	1.017
25	Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	3.466	3.512	3.514	4.309	4.387	921
2	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	840	852	998	1.066	1.565	725
90	Actividades de saneamento público	2.780	2.921	3.089	3.379	3.437	657
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira	1.628	1.708	1.840	1.960	2.165	537
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	5.407	5.560	5.627	5.709	5.943	536
21	Industria do papel	1.207	1.253	1.287	1.289	1.410	203
24	Industria química	3.625	3.637	3.659	3.667	3.797	172
23	Coquerías, refinado de petróleo e tratamento de combustíbles nucleares	597	654	688	725	762	165
32	Fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	610	631	651	684	763	153
41	Captación, depuración e distribución de auga	1.248	1.273	1.321	1.335	1.356	108

□ □ □ 2.2.10.- Autónomos con crecemento sostido nos últimos cinco anos

CNAE	DESCRIPCIÓN - CNAE	2003	2004	2005	2006	2007	07-03
45	Construción	27.450	28.931	30.146	31.742	33.570	6.120
74	Outras actividades empresariais	8.302	9.535	10.609	11.552	12.492	4.190
70	Actividades inmobiliarias	1.941	2.218	2.514	2.910	3.143	1.202
55	Hostalaría	23.522	24.069	24.464	24.592	24.679	1.157
85	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	3.883	4.211	4.517	4.757	4.998	1.115
51	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	11.273	11.623	11.934	12.193	12.362	1.089
1	Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	2.213	2.416	2.665	2.925	3.143	930
93	Actividades diversas de servizos persoais	6.566	6.737	6.932	7.155	7.383	817
67	Actividades auxiliares da intermediación financeira	2.339	2.507	2.662	2.831	3.014	675
92	Actividades recreativas, culturais e deportivos	1.977	2.159	2.284	2.439	2.631	654
80	Educación	2.942	3.074	3.209	3.315	3.401	459
50	Venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	6.197	6.306	6.380	6.487	6.559	362
28	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	2.090	2.169	2.212	2.289	2.369	279
73	Investigación e desenvolvemento	100	167	223	259	322	222
72	Actividades informáticas	782	874	895	953	977	195
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	3.004	3.077	3.147	3.170	3.198	194
2	Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados con elas	414	447	477	28	605	191
63	Actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	481	521	569	611	655	174
22	Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	896	920	972	1.016	1.050	154
36	Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	1.563	1.587	1.609	1.631	1.659	96
17	Industria téxtil	344	352	375	384	398	54
35	Fabricación doutro material de transporte	289	303	315	318	341	52
41	Captación, depuración e distribución de auga	29	29	30	31	31	2

2.3. Paro rexistrado


2.3.1.- Parados rexistrados por sexo

O número total de parados rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia ao finalizar o mes de decembro de 2007 ascendía a 154.982, das que 95.892 eran mulleres (61,87%) fronte a 59.090 homes (38,13%).

Se comparamos a cifra de parados deste ano coa do ano 2006, produciuse un descenso dos parados de 5.684 persoas.

	Parados	%
Homes	59.090	38,13
Mulleres	95.892	61,87
Total	154.982	100

Parados por sexo. Galicia 2007




2.3.2.- Parados rexistrados por provincia

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
A CORUÑA	23.869	40,39	38.605	40,26	62.474	40,31
LUGO	6.557	11,10	9.102	9,49	15.659	10,10
OURENSE	7.432	12,58	12.191	12,71	19.623	12,66
PONTEVEDRA	21.232	35,93	35.994	37,54	57.226	36,92
GALICIA	59.090	100,00	95.892	100,00	154.982	100,00

Se observamos a táboa anterior de parados rexistrados por provincias, vemos que é a da Coruña a que rexistra a proporción máis alta dos parados galegos, co 40,31%, seguida da provincia de Pontevedra, co 36,92%. Entre esas dúas provincias concentran máis das tres cuartas partes dos parados de Galicia.

Parados rexistrados por provincias (2007)




2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado

Debido á posta en marcha do novo sistema SISPE (Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego) para mellorar a forma de medir o paro, só tere-mos en conta os datos a partir do ano 2005.

	31/12/2005	31/12/2006	31/12/2007	2006	%	2007	%	V. M. anual
HOMES	69.155	60.245	59.090	-8.910	-12,88	-1.155	-1,92	-7,56
MULLERES	109.521	100.421	95.892	-9.100	-8,31	-4.529	-4,51	-6,43
TOTAL	178.676	160.666	154.982	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	-6,87

No conxunto de Galicia a tendencia no período 2005/07 é o descenso do núme-ro de parados, o que supón unha variación media interanual de -6,87%. Pero é necesario sinalar que no ano 2007 a diminución do paro foi menor que no ano anterior, sobre todo no colectivo dos homes.

Evolución anual do paro rexistrado



□ □ □ 2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado


Evolución mensual 2007

Data	Homes	Mulleres	Total	Variación			% variación		
				Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
31/01/2007	60.450	103.133	163.583	205	2.712	2.917	0,34	2,70	1,82
28/02/2007	58.867	102.037	160.904	-1.583	-1.096	-2.679	-2,62	-1,06	-1,64
31/03/2007	57.819	102.067	159.886	-1.048	30	-1.018	-1,78	0,03	-0,63
30/04/2007	55.485	99.994	155.479	-2.334	-2.073	-4.407	-4,04	-2,03	-2,76
31/05/2007	52.886	95.323	148.209	-2.599	-4.671	-7.270	-4,68	-4,67	-4,68
30/06/2007	50.809	92.347	143.156	-2.077	-2.976	-5.053	-3,93	-3,12	-3,41
31/07/2007	50.179	89.819	139.998	-630	-2.528	-3.158	-1,24	-2,74	-2,21
31/08/2007	50.847	89.452	140.299	668	-367	301	1,33	-0,41	0,22
30/09/2007	50.465	90.495	140.960	-382	1.043	661	-0,75	1,17	0,47
31/10/2007	53.103	93.268	146.371	2.638	2.773	5.411	5,23	3,06	3,84
30/11/2007	55.989	96.739	152.728	2.886	3.471	6.357	5,43	3,72	4,34
31/12/2007	59.090	95.892	154.982	3.101	-847	2.254	5,54	-0,88	1,48

O comportamento do paro ao longo do ano 2007 mantense practicamente igual ao do ano anterior, e dicir, reflicte a estacionalidade no emprego. As variacións que se producen son de distinto signo: nos primeiros meses do ano o número de parados descende paulatinamente (destaca o mes de maio co dato máis baixo, -7.270 persoas, o que supón o -4,68%), pero a partir de agosto invértese a tendencia e aumenta o paro.


A distribución por sexos presenta certas diferenzas. A redución do número de parados foi maior nos homes en case todos os meses e cara ao final de ano, período onde os parados aumentan tamén e o colectivo das mulleres é o que sae máis desfavorecido, agás no mes de decembro, onde mentres o paro masculino aumenta en 3.101 homes, o paro feminino descende en 847 mulleres.

Evolución mensual do paro



Nota: As cifras do paro refírense ao último día de cada mes.

Evolución mensual do paro rexistrado por sexo




□ □ □ 2.3.5.- Parados rexistrados por idade e sexo

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
≤ 25	9.130	15,45	10.137	10,57	19.267	12,43
26 a 35	14.669	24,82	25.428	26,52	40.097	25,87
36 a 45	11.203	18,96	23.709	24,72	34.912	22,53
46 a 55	11.673	19,75	21.247	22,16	32.920	21,24
≥ 56	12.415	21,01	15.371	16,03	27.786	17,93
total	59.090	100,00	95.892	100,00	154.982	100,00

En relación cos grupos de idade, o tramo que presenta un valor máis alto é o de entre 26 e 35 anos, con 40.097 parados, o que supón un 25,87% do total, seguido polo tramo de 36 a 45 anos, que representa o 22,53%.

Se a análise se fai por sexo, tanto nos homes como nas mulleres o tramo que predomina tamén é o de entre 26 e 35 anos, pero cómpre sinalar que neste tramo o número de mulleres paradas case duplica ao dos homes.

Parados rexistrados por idade e sexo




2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade

	2005	2006	2007	2006	Variación	2007	Variación	V. M. anual
≤ 25	27.059	21.634	19.267	-5.425	-20,05	-2.367	-10,94	-15,62
26 a 35	50.489	43.029	40.097	-7.460	-14,78	-2.932	-6,81	-10,88
36 a 45	39.898	36.144	34.912	-3.754	-9,41	-1.232	-3,41	-6,46
46 a 55	34.694	32.881	32.920	-1.813	-5,23	39	0,12	-2,59
≥ 56	26.536	26.978	27.786	442	1,67	808	3,00	2,33
Total	178.676	160.666	154.982	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	-6,87

Polo que se refire á evolución anual dos parados rexistrados por idade, obsérvase como o paro diminuíu en todos os tramos de idade, agás nos maiores de 55 anos, onde aumentou tanto en 2006 como en 2007. Neste último ano tamén se incrementou o paro no tramo de 46 a 55 anos. En canto ao grupo de idade en que máis descende o paro, en termos relativos, é o de igual ou menor de 25 anos, e isto sucede tanto en 2006 como en 2007, o que supón, para este mesmo tramo, unha variación media anual do 15,62%.

Evolución anual dos parados rexistrados por idade




2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
Ata certificado de escolaridade*	25.928	43,88	33.088	34,51	59.016	38,08
BUP/Bacharelato superior/COU	5.465	9,25	8.967	9,35	14.432	9,31
Formación profesional	6.213	10,51	13.313	13,88	19.526	12,60
Outras titulacións	33	0,06	60	0,06	93	0,06
Titulación ensino obrigatorio	17.835	30,18	30.159	31,45	47.994	30,97
Titulados universitarios	3.616	6,12	10.305	10,75	13.921	8,98
Total xeral	59.090	100,00	95.892	100,00	154.982	100,00

Atendendo ao nivel formativo dos parados, o comportamento é moi parecido ao do ano anterior: destaca o feito de que case as dúas terceiras partes dos parados galegos teñen titulación de ensino obrigatorio ou unha titulación inferior (concretamente 107.010 persoas, o que supón o 69,05%). No seguinte grupo, pero xa a bastante distancia, están os titulados en formación profesional, cunha porcentaxe do 12,60%. Pola contra, os que teñen menor peso porcentual son os parados con titulación universitaria, co 8,98%.

Se a análise se fai por sexo, a situación é moi similar, coa particularidade de que en todos os tramos o número de parados é superior ao dos homes, e que nalgúns casos, como nos titulados universitarios, as cifras de mulleres paradas triplican as dos homes.

Parados rexistrados por nivel formativo




2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo

	2005	2006	2007	2006	% Variación	2007	% Variación	V. M. anual
Ata certificado de escolaridade*	63.198	59.060	59.016	-4.138	-6,55	-44	-0,07	-3,37
BUP/Bacharelato superior/COU	17.644	15.315	14.432	-2.329	-13,20	-883	-5,77	-9,56
Formación profesional	24.044	20.985	19.526	-3.059	-12,72	-1.459	-6,95	-9,88
Outras titulacións	122	104	93	-18	-14,75	-11	-10,58	-12,69
Titulación ensino obrigatorio	54.823	49.392	47.994	-5.431	-9,91	-1.398	-2,83	-6,44
Titulados universitarios	18.845	15.810	13.921	-3.035	-16,11	-1.889	-11,95	-14,05
Total xeral	178.676	160.666	154.982	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	-6,87

A evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo presenta unha diminución en todos os niveis formativos, aínda que as cifras de 2007 son inferiores ás de 2006, sendo os titulados universitarios os que experimentan unha variación media anual máis alta (-14,05%).

Evolución anual por nivel formativo




2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
≤ 1 mes	9.974	16,88	10.072	10,50	20.046	12,93
de 1 a 3 meses	14.087	23,84	17.121	17,85	31.208	20,14
de 3 a 6 meses	9.177	15,53	13.533	14,11	22.710	14,65
de 6 a 12 meses	8.344	14,12	13.414	13,99	21.758	14,04
de 12 a 24 meses	6.580	11,14	13.401	13,98	19.981	12,89
máis de 24 meses	10.928	18,49	28.351	29,57	39.279	25,34
Total	59.090	100	95.892	100	154.982	100

En canto ao tempo de antigüidade no paro, a situación é practicamente a mesma do ano anterior; unha cuarta parte dos parados galegos (25,34%) levan na procura de emprego máis de 24 meses, seguíndolles en importancia os parados que demandan emprego de 1 a 3 meses.

Se analizamos os datos da táboa anterior por xénero, o comportamento das mulleres é similar ao descrito para a totalidade, pero no caso das mulleres que levan máis de 24 meses paradas a cifra case triplica á dos homes. En canto a estes, a porcentaxe maior de parados situase nos desempregados que levan inscritos como demandantes de emprego de 1 a 3 meses, seguidos dos que están desempregados nun período de máis de 24 meses.

Parados rexistrados por antigüidade na demanda




2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda

	2005	2006	2007	2006	% Variación	2007	% Variación	V. M. anual
≤ 1 mes	22.986	20.188	20.046	-2.798	-12,17	-142	-0,70	-6,61
de 1 a 3 meses	35.323	31.367	31.208	-3.956	-11,20	-159	-0,51	-6,01
de 3 a 6 meses	25.732	22.560	22.710	-3.172	-12,33	150	0,66	-6,06
de 6 a 12 meses	25.306	21.870	21.758	-3.436	-13,58	-112	-0,51	-7,27
de 12 a 24 meses	25.935	23.005	19.981	-2.930	-11,30	-3.024	-13,14	-12,23
máis de 24 meses	43.394	41.676	39.279	-1.718	-3,96	-2.397	-5,75	-4,86
Total	178.676	160.666	154.982	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	-6,87

A evolución do número de parados no período 2005-2007 por antigüidade na demanda caracterízase pola diminución do paro en todos os tramos, agás no grupo de 3 a 6 meses no ano 2007, que aumentou en 250 persoas (0,66%).

O tramo de 12 a 24 meses foi o que presentou a maior variación media anual (-12,23%). No outro extremo sitúanse os demandantes parados que levan máis de 24 meses en situación de desemprego cunha variación media de -4,86%.

Evolución anual por antigüidade na demanda




2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
SECTOR PRIMARIO	3.407	5,77	1.588	1,66	4.995	3,22
SECTOR SECUNDARIO	8.476	14,34	16.012	16,70	24.488	15,80
SECTOR CONSTRUCCIÓN	14.887	25,19	2.038	2,13	16.925	10,92
SECTOR SERVIZOS	26.562	44,95	58.932	61,46	85.494	55,16
SEN EMPREGO ANTERIOR	5.758	9,74	17.322	18,06	23.080	14,89
Total xeral	59.090	100,00	95.892	100,00	154.982	100,00

O sector económico que rexistra maior número de parados é o sector servizos, con 85.494 persoas, o que supón o 55,16% da totalidade dos parados de Galicia. O seguinte sector con maior número de parados, pero xa a bastante distancia, e o secundario, con 24.488 persoas (15,80%).

Se analizamos os datos da táboa anterior por xénero, vemos que presentan algunhas diferenzas respecto a totalidade: nos parados homes o sector que ocupa o segundo lugar é o da construción, mentres que nas mulleres é o colectivo sen emprego anterior seguido moi de cerca polo sector secundario.

Parados rexistrados por sector económico de procedencia




2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia

	2005	2006	2007	2006	Variación	2007	Variación	V. M. anual
SECTOR PRIMARIO	5.375	5.056	4.995	-319	-5,93	-61	-1,21	-3,60
SECTOR SECUNDARIO	29.162	25.778	24.488	-3.384	-11,60	-1.290	-5,00	-8,36
SECTOR CONSTRUCCIÓN	20.033	17.123	16.925	-2.910	-14,53	-198	-1,16	-8,08
SECTOR SERVICIOS	98.859	89.211	85.494	-9.648	-9,76	-3.717	-4,17	-7,00
SEN EMPREGO ANTERIOR	25.247	23.498	23.080	-1.749	-6,93	-418	-1,78	-4,39
Total xeral	178.676	160.666	154.982	-18.010	-10,08	-5.684	-3,54	-6,87

Se atendemos aos sectores económicos, o paro rexistrado experimenta un descenso en todos eles durante o período que nos ocupa, aínda que a redución do 2007 é inferior á do ano anterior. É o sector secundario o que acada unha maior variación media anual (8,36%), seguido moi de cerca polo sector da construción (8,08%).

Evolución anual dos parados por actividade económica




2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	16.904	28,61	5.261	5,49	22.165	14,30
Dirección de empresas e de administracións públicas	789	1,34	328	0,34	1.117	0,72
Empregados de tipo administrativo	3.228	5,46	13.240	13,81	16.468	10,63
Forzas armadas	64	0,11	21	0,02	85	0,05
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	6.834	11,57	5.928	6,18	12.762	8,23
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	3.042	5,15	7.515	7,84	10.557	6,81
Técnicos e profesionais de apoio	6.568	11,12	6.411	6,69	12.979	8,37
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	3.446	5,83	1.593	1,66	5.039	3,25
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios	5.597	9,47	31.348	32,69	36.945	23,84
Traballadores non cualificados	12.618	21,35	24.247	25,29	36.865	23,79
Total	59.090	100	95.892	100	154.982	100

Polo que respecta aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, o cadro amosa que a maioría dos demandantes parados se concentra en traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios (23,84%) e no gran grupo de ocupación traballadores non cualificados (cun 23,79%). Tamén son estas dúas ocupacións as que engloban a maioría das mulleres paradas. En cambio, no colectivo dos homes é o grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria o que concentra a maioría dos parados; o seguinte grupo en importancia é o de traballadores non cualificados, cunha porcentaxe do 21,35%.

Parados rexistrados por gran grupo de ocupación




2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación

Evolución anual dos parados por gran grupo de ocupación

	2005	2006	2007	2006	% Variación	2007	% Variación	V. M. anual
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	25.985	22.830	22.165	-3.155	-12,14	-665	-2,91	-7,64
Dirección de empresas e de administracións públicas	1.351	1.142	1.117	-209	-15,47	-25	-2,19	-9,07
Empregados de tipo administrativo	20.276	17.918	16.468	-2.358	-11,63	-1.450	-8,09	-9,88
Forzas armadas	68	62	85	-6	-8,82	23	37,10	11,80
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	14.485	12.914	12.762	-1.571	-10,85	-152	-1,18	-6,14
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	14.716	12.121	10.557	-2.595	-17,63	-1.564	-12,90	-15,30
Técnicos e profesionais de apoio	15.993	13.938	12.979	-2.055	-12,85	-959	-6,88	-9,91
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	5.882	5.176	5.039	-706	-12,00	-137	-2,65	-7,44
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios	41.241	38.195	36.945	-3.046	-7,39	-1.250	-3,27	-5,35
Traballadores non cualificados	38.679	36.370	36.865	-2.309	-5,97	495	1,36	-2,37

Se analizamos os datos da evolución anual do paro por gran grupo de ocupación, observamos que o grupo de "técnicos e profesionais científicos e intelectuais" foi o que rexistrou a maior variación media anual (co -15,30%); pola contra, nos grupos de ocupación das forzas armadas e o dos traballadores non cualificados, aumentou o número de parados no ano 2007.

Evolución anual do paro por gran grupo de ocupación



□ □ □ 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
Dependente de comercio, en xeral	992	13.640	14.632	9,44
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	702	10.993	11.695	7,55
Empregado administrativo, en xeral	1.720	7.369	9.089	5,86
Peón da industria manufacturera, en xeral	2.189	2.141	4.330	2,79
Albanel	3.426	52	3.478	2,24
Asistente domiciliario	44	3.355	3.399	2,19
Camareiro, en xeral	1.328	1.897	3.225	2,08
Peón da construción de edificios	3.187	37	3.224	2,08
Cociñeiro, en xeral	550	2.225	2.775	1,79
Xardineiro, en xeral	1.140	852	1.992	1,29

En canto á lista das dez ocupacións máis demandadas, coincide coa do ano anterior, cunhas porcentaxes moi similares: a maior parte dos galegos desempregados aparecen na ocupación dependente de comercio, en xeral; seguidos do grupo persoal de limpeza ou limpador, en xeral e en terceiro lugar está empregado administrativo, en xeral; cómpre sinalar que nestes tres grupos a gran maioría de demandantes son mulleres.


2.4. Contratos

2.4.1.- Contratos realizados por sexo

	Parados	%
Homes	456.242	52,77
Mulleres	408.390	47,23
Total	864.632	100,00

O número de contratos realizados ao longo do ano 2007 foi de 864.632, o que supón un incremento de 7.038 contratos con respecto ao ano anterior. Da totalidade dos contratos o 52,77 % foi contratación masculina e o 47,23%, feminina; esa proporción supón que a diferenza entre homes e mulleres é de 5,53% a favor dos homes.

Contratos por sexo. Galicia 2007




2.4.2.- Contratos realizados por provincia

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
A CORUÑA	193.307	42,37	180.131	44,11	373.438	43,19
LUGO	41.189	9,03	37.111	9,09	78.300	9,06
OURENSE	35.488	7,78	32.809	8,03	68.297	7,90
PONTEVEDRA	186.258	40,82	158.339	38,77	344.597	39,85
TOTAL	456.242	100	408.390	100	864.632	100

En 2007 son as provincias da Coruña e Pontevedra as que concentran o maior volume de contratación; concretamente sumando as dúas provincias o 83,04% da totalidade de contratos realizados en Galicia.

Contratos por provincia




2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por sexo (2003-2007)

Evolución nº de contratos. Período 2003-2007														
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
HOMES	406.099	412.864	427.799	458.760	456.242	6.765	1,67	14.935	3,62	30.961	7,24	-2.518	-0,55	2,95
MULLERES	337.573	353.159	363.429	398.834	408.390	15.586	4,62	10.270	2,91	35.405	9,74	9.556	2,40	4,88
TOTAL	743.672	766.023	791.228	857.594	864.632	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	7.038	0,82	3,84


Se atendemos a evolución da contratación nos últimos cinco anos, podemos observar que é positiva para o total, producíndose o maior incremento no ano 2006 e o menor en 2007.

Se estudamos a evolución por sexo, o colectivo das mulleres experimenta a maior variación media anual, co 4,88%, e se a análise se fai ano a ano, o incremento porcentual da contratación feminina é maior ao dos homes, agás en 2005. En canto ao colectivo dos homes, o número de contratos neste colectivo foi aumentando ata o 2006, ano en que se inverte a tendencia reducíndose o número de contratos en 2.518, o que supón un -0,55%.

Variación anual da contratación



Variación anual da contratación por sexo




2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos

	Variación			% variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
XANEIRO	45.012	37.015	82.027	12.404	5.108	17.512
FEBREIRO	32.723	27.684	60.407	-12.289	-9.331	-21.620
MARZO	37.052	29.950	67.002	4.329	2.266	6.595
ABRIL	33.326	28.768	62.094	-3.726	-1.182	-4.908
MAIO	39.570	33.821	73.391	6.244	5.053	11.297
XUÑO	42.258	36.164	78.422	2.688	2.343	5.031
XULLO	47.897	43.264	91.161	5.639	7.100	12.739
AGOSTO	37.897	32.737	70.634	-10.000	-10.527	-20.527
SETEMBRO	37.043	34.686	71.729	-854	1.949	1.095
OUTUBRO	42.402	41.379	83.781	5.359	6.693	12.052
NOVEMBRO	34.289	33.886	68.175	-8.113	-7.493	-15.606
DECEMBRO	26.773	29.036	55.809	-7.516	-4.850	-12.366


Atendendo á evolución mensual da contratación durante o ano 2007, vemos que a contratación en Galicia presenta varios picos: no mes de febreiro produciuse un descenso da contratación de -21.620 contratos; no mes de marzo rexístrase un aumento dos contratos para, no mes de abril, volver experimentar un descenso dos contratos (-4.908); nos seguintes tres meses o número de contratos aumenta, volvendo a perderse contratos no mes de agosto e tamén, no caso dos homes, en setembro.

Así pois, analizando os datos, parece claro que nos meses de verán o número de contratos experimenta un incremento e que, pola contra, nos meses de inverno o número de contratos descende, agás no mes de xaneiro, mes en que se produciu o maior incremento da contratación de todo o ano.

Evolución mensual da contratación



Evolución mensual da contratación




2.4.5.- Contratos por idade e sexo

	Homes	% homes	Mulleres	% mulleres	Total	% total
≤ 25	143.812	31,52	122.995	30,12	266.807	30,86
26 A 35	162.062	35,52	153.578	37,61	315.640	36,51
36 A 45	85.202	18,67	84.632	20,72	169.834	19,64
46 A 55	48.561	10,64	39.142	9,58	87.703	10,14
≥ 56	16.605	3,64	8.043	1,97	24.648	2,85
TOTAL	456.242	100	408.390	100	864.632	100

A maioría dos contratos realízanse con persoas menores de 36 anos (67,37%). Pola contra, os valores máis baixos acádano o grupo de 56 e máis anos.

Se a análise se fai por sexo, vemos como se contratan máis homes que mulleres en todos os tramos de idade.

Contratación por idade e sexo



2.4.6.- Evolución anual dos contratos por idade


	Evolución nº de contratos. Período 2003-2007													
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
≤ 25	263.371	263.822	255.966	267.498	266.807	451	0,17	-7.856	-2,98	11.532	4,51	-691	-0,26	0,32
26 A 35	259.948	275.247	292.040	318.998	315.640	15.299	5,89	16.793	6,10	26.958	9,23	-3.358	-1,05	4,97
36 A 45	135.751	139.044	148.175	164.939	169.834	3.293	2,43	9.131	6,57	16.764	11,31	4.895	2,97	5,76
46 A 55	66.243	68.176	72.924	82.486	87.703	1.933	2,92	4.748	6,96	9.562	13,11	5.217	6,32	7,27
≥ 56	18.359	19.734	22.123	23.673	24.648	1.375	7,49	2.389	12,11	1.550	7,01	975	4,12	7,64
TOTAL	743.672	766.023	791.228	857.594	864.632	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	7.038	0,82	3,84

Nos últimos cinco anos, o intervalo de idade que experimenta a variación media anual máis alta é o de ≥ 56 anos, co 7,64%; pola contra, a variación menor foi a do grupo de ≤ 25 anos (0,32%).

Se a análise se fai ano a ano, os grupos de idade non teñen un comportamento uniforme: no tramo de ≤ 25 anos prodúcese un descenso dos contratos en 2005, recupérase en 2006 e volve a perder contratos en 2007; no grupo que comprende as idades entre 26 e 35 anos os contratos aumentan ata o ano 2006 pero en 2007 a situación cambia e descenden en cifras absolutas en 3.358 contratos, o

que supón o -1,05%. No resto dos grupos a evolución é positiva en todo o quinquenio.

Evolución anual da contratación por tramos de idade




2.4.7.- Contratos por nivel formativo

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Ata certificado de escolaridade*	108.710	23,83	63.847	15,63	172.557	19,96
BUP/Bacharelato superior/COU	68.267	14,96	71.839	17,59	140.106	16,20
Formación profesional	55.045	12,06	66.053	16,17	121.098	14,01
Titulación ensino obrigatorio	192.746	42,25	148.690	36,41	341.436	39,49
Titulados universitarios	31.474	6,90	57.961	14,19	89.435	10,34
Total	456.242	100	408.390	100	864.632	100

Polo que se refire ao nivel formativo dos contratos, son os titulados de ensino obrigatorio os que teñen máis peso (39,49%) seguidos de ata certificado de escolaridade, co 19,96%, concentrando estes dous grupos máis da metade dos contratos.

Se a análise se fai por sexo, o comportamento é practicamente igual ao do ano anterior: nos contratos con maior formación (titulados universitarios) son maioría as mulleres de tal xeito que o número de contratos a mulleres case duplica ao dos homes; pola contra, nos contratos con menor formación a maioría realízase con homes.

Contratación por nivel formativo




2.4.8.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo

	Evolución nº de contratos. Período 2003-2007													V.M. anual
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	
Ata certificado de escolaridade*	165.081	163.227	164.434	174.116	172.557	-1.854	-1,12	1.207	0,74	9.682	5,89	-1.559	-0,90	1,11
BUP/Bacharelato superior/COU	102.174	119.738	122.348	132.250	140.106	17.564	17,19	2.610	2,18	9.902	8,09	7.856	5,94	8,21
Formación profesional	73.443	82.961	106.160	124.600	121.098	9.518	12,96	23.199	27,96	18.440	17,37	-3.502	-2,81	13,32
Titulación ensino obrigatorio	318.545	318.398	312.605	335.065	341.436	-147	-0,05	-5.793	-1,82	22.460	7,18	6.371	1,90	1,75
Titulados universitarios	84.429	81.699	85.681	91.563	89.435	-2.730	-3,23	3.982	4,87	5.882	6,86	-2.128	-2,32	1,45
Total xeral	743.672	766.023	791.228	857.594	864.632	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	7.038	0,82	3,84

Por nivel formativo, no período 2003-2007 o único grupo que mantén un crecemento continuado é o dos que posúen BUP/Bacharelato superior/COU. No resto dos tramos o comportamento é diferente dependendo do nivel formativo e do ano. Mentres que o ano 2006 foi o único que tivo unha evolución positiva en todos os tramos, no resto dos anos non sucede o mesmo; os contratos con ata certificado de escolaridade experimentan unha variación negativa nos anos 2004 e 2007 e os que teñen formación profesional no ano 2007 tamén perden contratos, pero é este grupo o que rexistra maior variación media anual. O colectivo con titulación de ensino obrigatorio ten unha redución nos anos 2004-05, e os titulados universitarios ofrecen variacións negativas nos anos 2004 e 2007.

Evolución anual por nivel formativo




2.4.9.- Contratos por tipoloxía

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Indefinido	51.132	11,21	30.159	7,38	81.291	9,40
Indefinido tempo parcial	4.996	1,10	12.421	3,04	17.417	2,01
Outros	14.518	3,18	5.677	1,39	20.195	2,34
Prácticas/Formación	11.438	2,51	8.489	2,08	19.927	2,30
Temporal	309.049	67,74	232.800	57,00	541.849	62,67
Temporal tempo parcial	65.109	14,27	118.844	29,10	183.953	21,28
Total	456.242	100	408.390	100	864.632	100

Do total de contratos realizados en Galicia en 2007, o 9,4% foron indefinidos a tempo completo, mentres que os contratos temporais representaron o 62,67%. Constatamos así que o peso da contratación temporal foi moi superior ao da indefinida.

Tamén por sexo hai un predominio dos contratos temporais sobre os indefinidos, pero son os homes os máis contratados respecto das mulleres, coa excepción dos contratos a tempo parcial, onde o peso das mulleres é moi superior ao dos homes, ata tal punto que o colectivo feminino está próximo a duplicar ao dos homes no caso dos contratos temporais e case triplica no caso dos contratos indefinidos.

Contratos por tipoloxía




2.4.10.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía

					Evolución nº de contratos. Período 2003-2007									
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual
Indefinido	48.072	50.355	57.200	78.912	81.291	2.283	4,75	6.845	13,59	21.712	37,96	2.379	3,01	14,03
Indefinido tempo parcial	12.167	13.890	12.660	16.683	17.417	1.723	14,16	-1.230	-8,86	4.023	31,78	734	4,40	9,38
Outros	31.067	30.253	29.352	28.804	20.195	-814	-2,62	-901	-2,98	-548	-1,87	-8.609	-29,89	-10,21
Prácticas/Formación	21.863	20.990	20.500	20.181	19.927	-873	-3,99	-490	-2,33	-319	-1,56	-254	-1,26	-2,29
Temporal	488.815	493.861	507.603	532.646	541.849	5.046	1,03	13.742	2,78	25.043	4,93	9.203	1,73	2,61
Temporal tempo parcial	141.688	156.674	163.913	180.368	183.953	14.986	10,58	7.239	4,62	16.455	10,04	3.585	1,99	6,74
Total	743.672	766.023	791.228	857.594	864.632	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	7.038	0,82	3,84

Do estudo dos datos que proporciona a táboa anterior concluímos que a contratación indefinida aumenta ao longo de todo o quinquenio cunha variación media do 14,03%, seguida pola contratación indefinida a tempo parcial, do 9,38%. En cambio, outras formas de contratación, ademais de experimentar un descenso no período 2003-07, rexistra a maior variación media anual negativa (-10,21%), seguida da contratación de prácticas/formación, que tamén adopta un comportamento negativo continuado no período referido, cunha variación media de -2,29%.

Evolución anual por tipoloxía da contratación



□ □ □ 2.4.11.- Índice de rotación

Ano	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2003	743.672	379.239	1,96%
2004	766.023	384.822	1,99%
2005	791.228	389.625	2,03%
2006	857.594	416.336	2,06%
2007	864.632	415.530	2,08%

O índice de rotación refírese ao número de contratos que se realizan a unha persoa nun período determinado. Se analizamos este índice, observamos como este aumenta de maneira paulatina, sendo cada ano superior ao do ano anterior; no ano 2007 cada persoa contratada tivo unha media de 2,08 contratos.

Índice de rotación dos contratos




2.4.12.- Contratos por sector económico

	Subsector	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
SECTOR PRIMARIO	Agricultura e pesca	17.253	3,78	4.059	0,99	21.312	2,46
Total SECTOR PRIMARIO		17.253	3,78	4.059	0,99	21.312	2,46
SECTOR SECUNDARIO	Industria	56.271	12,33	35.324	8,65	91.595	10,59
	Electricidade	468	0,10	184	0,05	652	0,08
Total SECTOR SECUNDARIO		56.739	12,44	35.508	8,69	92.247	10,67
SECTOR CONSTRUCCIÓN	Construción	95.361	20,90	6.318	1,55	101.679	11,76
Total SECTOR CONSTRUCCIÓN		95.361	20,90	6.318	1,55	101.679	11,76
SECTOR SERVICIOS	Comercio e hostalaría	64.448	14,13	114.140	27,95	178.588	20,65
	Transporte e comunicacións	51.162	11,21	20.989	5,14	72.151	8,34
	Outros servizos	171.279	37,54	227.376	55,68	398.655	46,11
Total SECTOR SERVICIOS		286.889	62,88	362.505	88,76	649.394	75,11
Total xeral		456.242	100	408.390	100	864.632	100

Na contratación por sector económico, o que concentra maior número de contratos, concretamente as tres cuartas partes do total é o sector servizos. Por subsectores, é outros servizos o que engloba o 46,11% da totalidade da contratación, seguido do subsector comercio e hostalaría, co 20,65%. O resto dos sectores está xa a bastante distancia, presentando valores moi inferiores aos mencionados.

Por sexo, a contratación das mulleres superou a dos homes no sector servizos, pero, se desagregamos este sector en subsectores, vemos que mentres no subsector outros servizos e comercio e hostalaría destacan as mulleres, no subsector de transportes e comunicación teñen moito máis peso os homes. En canto ao sector da construción, segue a concentrar a contratación masculina; tamén nos sectores primario e secundario teñen maior peso os homes (aínda que non tanto como na construción).

Contratos por sectores de actividade




2.4.13.- Evolución anual dos contratos por sectores de actividade

					Evolución nº de contratos. Período 2003-2007										V.M. anual
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%		
Agricultura e pesca	19.403	20.956	21.932	21.727	21.312	1.553	8,00	976	4,66	-205	-0,93	-415	-1,91	2,37	
Industria	95.546	92.173	90.997	92.811	91.595	-3.373	-3,53	-1.176	-1,28	1.814	1,99	-1.216	-1,31	-1,05	
Electricidade	819	821	766	770	652	2	0,24	-55	-6,70	4	0,52	-118	-15,32	-5,54	
Construción	95.166	95.538	98.084	106.600	101.679	372	0,39	2.546	2,66	8.516	8,68	-4.921	-4,62	1,67	
Comercio e hostalaría	153.100	163.171	161.826	177.575	178.588	10.071	6,58	-1.345	-0,82	15.749	9,73	1.013	0,57	3,92	
Transporte e comunicación	66.814	63.663	70.014	72.800	72.151	-3.151	-4,72	6.351	9,98	2.786	3,98	-649	-0,89	1,94	
Outros servizos	312.824	329.701	347.609	385.311	398.655	16.877	5,40	17.908	5,43	37.702	10,85	13.344	3,46	6,25	
Total	743.672	766.023	791.228	857.594	864.632	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	7.038	0,82	3,84	

Se estudamos a evolución da contratación dos últimos cinco anos por subsectores económicos, observamos como o único subsector que ten un crecemento continuo no referido período e outros servizos, cunha variación media anual de 6,25%. O resto dos subsectores teñen un comportamento diferente dependendo do ano: agricultura e pesca perde contratos nos dous últimos anos, industria só tivo unha evolución positiva en 2006 (1.814 contratos), electricidade sofre unha

perda importante de contratos no ano 2007 e a construción experimenta por primeira vez un cambio e acada valores negativos, rexistrándose 4.921 contratos menos.

Evolución anual por sectores económicos




□ □ □ 2.4.14.- Contratos por gran grupo de ocupación

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	103.104	22,60	21.566	5,28	124.670	14,42
Dirección de empresas e de administracións públicas	1.559	0,34	824	0,20	2.383	0,28
Empregados de tipo administrativo	20.499	4,49	57.888	14,17	78.387	9,07
Forzas armadas	4.408	0,97	995	0,24	5.403	0,62
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	66.244	14,52	18.820	4,61	85.064	9,84
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	32.946	7,22	34.216	8,38	67.162	7,77
Técnicos e profesionais de apoio	35.669	7,82	33.410	8,18	69.079	7,99
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	9.323	2,04	3.849	0,94	13.172	1,52
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios	48.161	10,56	146.288	35,82	194.449	22,49
Traballadores non cualificados	134.329	29,44	90.534	22,17	224.863	26,01
Total	456.242	100	408.390	100	864.632	100

Segundo os grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, cómpre sinalar que as ocupacións cun maior número de contratos son traballadores non cualificados (que representan o 26,01%), seguida dos traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios (22,49%). Estes dous grupos concentran case a metade da contratación. Se atendemos á desagregación por sexo, tamén as mulleres son contratadas maioritariamente nestes dous grupos, pero neste caso o maior peso porcentual é o do grupo de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios (35,82%). En canto ao colectivo dos homes, vemos como a maioría dos contratos se rexistran nos traballadores non cualificados (29,44%), seguido do de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria (22,60%).

Contratos por gran grupo de ocupación




2.4.15.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación

	Evolución. Período 2003-2007														
	2003	2004	2005	2006	2007	2004	%	2005	%	2006	%	2007	%	V.M. anual	
Forzas armadas			174	2.771	5.403			174		2.597	1492,53	2.632	94,98		
Dirección de empresas e de administracións públicas	1.708	1.769	1.956	2.371	2.383	61	3,57	187	10,57	415	21,22	12	0,51	8,68	
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	70.810	65.886	63.220	68.296	67.162	-4.924	-6,95	-2.666	-4,05	5.076	8,03	-1.134	-1,66	-1,31	
Técnicos e profesionais de apoio	51.228	52.831	58.861	63.260	69.079	1.603	3,13	6.030	11,41	4.399	7,47	5.819	9,20	7,76	
Empregados de tipo administrativo	64.998	68.152	72.384	80.564	78.387	3.154	4,85	4.232	6,21	8.180	11,30	-2.177	-2,70	4,79	
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercios	149.681	163.328	168.730	188.896	194.449	13.647	9,12	5.402	3,307	20.166	11,95	5.553	2,94	6,76	
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	11.309	12.353	13.593	13.259	13.172	1.044	9,23	1.240	10,04	-334	-2,46	-87	-0,66	3,89	
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	110.804	118.733	121.132	130.120	124.670	7.929	7,16	2.399	2,02	8.988	7,42	-5.450	-4,19	2,99	
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	78.741	69.922	68.563	78.674	85.064	-8.819	-11,20	-1.359	-1,94	10.111	14,75	6.390	8,12	1,95	
Traballadores non cualificados	204.390	213.038	222.609	229.383	224.863	8.648	4,23	9.571	4,493	6.774	3,04	-4.520	-1,97	2,42	
Total	743.672	766.023	791.228	857.594	864.632	22.351	3,01	25.205	3,29	66.366	8,39	7.038	0,82	3,84	

Analizando a evolución anual da contratación por gran grupo de ocupación, dos datos que nos ofrece a táboa anterior, concluímos que non todos os grupos tiveron un comportamento homoxéneo. Hai grupos en que a contratación medrou durante todo o quinquenio mentres que noutros o comportamento foi diferente, perdendo contratos dependendo do ano.

O grupo que experimentou a maior variación media anual foi o de dirección de empresas e de administracións públicas (8,68%), seguido do dos técnicos e profesionais de apoio (7,76%). Pola contra, o que experimentou a menor variación media anual foi o de técnicos e profesionais (-1,31%).

Evolución anual de contratación por gran grupo de ocupación



2.4.16.- As dez ocupacións máis contratadas

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
Peóns de industrias manufactureiras	56.263	24.960	81.223	9,39
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	9.260	52.100	61.360	7,10
Camareiros, barmans e asimilados	24.867	35.413	60.280	6,97
Peóns do transporte e descargadores	38.027	9.587	47.614	5,51
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	5.500	41.619	47.119	5,45
Albaneis e canteiros	30.269	830	31.099	3,60
Taquigrafos e mecanógrafos	5.805	17.402	23.207	2,68
Condutores de camións	18.292	723	19.015	2,20
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	4.091	12.972	17.063	1,97
Compositores, músicos e cantantes	13.218	2.746	15.964	1,85

As ocupacións que rexistran maior número de contratos, tal como acontecía nas ocupacións máis demandadas, responden a un perfil de baixa cualificación; de feito, a ocupación que figura en primeiro lugar é a de peóns de industrias manufactureiras (9,39% da contratación total), seguida da ocupación dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados (7,10%). Por outra banda, das dez ocupacións máis contratadas hai algunhas marcadamente masculinas (caso dos albaneis e canteiros) e outras femininas (como o persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares).

2.5. Conclusións

Perfil sociodemográfico

- □ A **taxa de actividade** (que é o cociente entre o número total de activos e a poboación total) de Galicia experimenta un comportamento similar á do Estado, aínda que se incrementou en 2007 en relación coa do ano anterior. Porén, a taxa de actividade de España segue a situarse por riba da de Galicia en 4,62 puntos.
- □ En canto á **taxa de emprego** da nosa Comunidade, tamén rexistra un incremento de 1 punto, mentres que a do Estado é de 0,69 centésimas. No entanto, a taxa de ocupación de España para o ano 2007 foi 3,95 puntos superior.
- □ Polo que se refire á **taxa de paro** (que é o cociente entre o número de parados e o número de activos) de Galicia, vemos como se prolonga a evolución positiva do ano anterior reducíndose, con respecto a 2007 nun 0,9 puntos, mentres que no Estado esta redución é de 0,25 puntos. Se comparamos a taxa de paro para o ano 2007 de Galicia coa de España, observamos un mellor comportamento da nosa Comunidade: a media estatal acadou un 8,26% a de Galicia foi de 7,6%.

Ao desagregar por sexos as taxas referidas anteriormente, observamos como se reproduce a situación descrita para os dous sexos: tal como acontecía nos anos anteriores, as taxas de actividade e ocupación das mulleres son sensiblemente inferiores ás dos homes, mentres que a taxa de paro feminino é superior á masculina. Isto é así para os dous ámbitos xeográficos, Galicia e España, aínda que as diferenzas entre homes e mulleres son superiores no Estado.

Polo que respecta á taxa de emprego, é importante sinalar que, se comparamos os datos anteriores coas directrices da Unión Europea que sitúan como obxectivo para lograr o pleno emprego acadar unha taxa de emprego no ano 2010 do 70%, observamos que a taxa de emprego de Galicia é do 50,1%; (cifra 3,95 puntos por debaixo da estatal). Este indicador aínda está lonxe de acadar a meta establecida pola Unión Europea. E se atendemos ao colectivo de mulleres, esta distancia tamén é importante, posto que para este colectivo o pleno emprego sitúase no 60%, o que fai indispensable que, se queremos lograr os obxectivos do Cumio de Lisboa, se continúen a xestionar medidas que incidan nas políticas de formación profesional e inserción e prevención de riscos co fin

de incrementar o ritmo de emprego da poboación en xeral e das mulleres en particular. Porén, cómpre sinalar como dato positivo que o ano 2007 rematou con cifras máis favorables para o emprego, o que supón que se vai reducindo a distancia para poder alcanzar os obxectivos da Unión Europea.

Tecido produtivo

□□ Tal como acontecía nos anos anteriores, o tecido empresarial de Galicia caracterízase por unha concentración das empresas nas provincias da Coruña e Pontevedra.

□□ Cómpre destacar a evolución positiva que experimenta o tecido produtivo galego: tanto o número de empresas como o número de traballadores, e tamén o de autónomos, creceu de forma continuada no último período, aínda que o ritmo de crecemento é menor no último ano.

□□ Unha vez máis en canto ao número de empresas, traballadores e autónomos, o sector dominante é o sector servizos, que non deixou de medrar ao longo de todo o quinquenio. A súa importancia é tal que engloba máis da metade dos traballadores ocupados. Pola contra, o sector primario perde relevancia en Galicia e isto a pesar de ter un leve incremento en número de empresas en 2007 e de que o número de autónomos non deixou de medrar durante o período 2003-2007. Porén, este sector perde traballadores de maneira continuada, traendo consigo o abandono do campo e xerando un problema demográfico que nalgúns zonas rurais chega a ser alarmante.

□□ Por último, enuméranse as empresas por CNAE con crecemento sostido nos últimos cinco anos, empresas con crecemento sostido segundo o número de traballadores e tamén o número de autónomos. En canto ás empresas, o CNAE que máis medrou foi fogares que empregan persoal doméstico. En canto ao número de traballadores, son as actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais as que encabezan este ranking desprazando en ambos os casos do primeiro lugar a construción, feito que pon de manifesto, por un lado, a perda de liderado deste sector, que xa apunta cara a unha desaceleración, e o auxe na creación de emprego de actividades relacionadas co sector servizos. Malia isto, no crecemento de autónomos segue a ser a construción a actividade que máis medra a bastante distancia das demais.

Paro

□□ O número total de parados rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia ao finalizar o mes de decembro de 2007 é de 154.982: reduciuse en relación co ano anterior en 5.684 persoas. Sen chegar a ser un mal resultado, cómpre sinalar que o descenso neste ano foi menos importante que no ano anterior.

Se atendemos ao sexo, a situación é a mesma que para o conxunto, aínda que é dentro do colectivo feminino onde se rexistra unha maior diminución.

□□ Destacan as provincias da Coruña e Pontevedra, que englobando máis das tres cuartas partes dos demandantes de emprego, o que amosa a concentración de parados nestas dúas provincias, tal como sucedía co tecido empresarial e como confirmará tamén a variable de contratos.

□□ Os datos da evolución mensual do paro rexistrado reflicten un comportamento similar ao dos anos anteriores: redución paulatina do paro nos primeiros meses do ano, inverténdose a tendencia a partir do mes de agosto, o que indica unha estacionalidade do emprego, feito que corrobora os datos sobre a contratación.

□□ En relación cos datos do paro rexistrado por idade e sexo, a situación non presenta diferenzas notables respecto ao ano 2006. O paro ten máis incidencia na xente nova, sendo o grupo de idade de entre 26 e 35 anos o colectivo que ten maior número de parados; dentro deste grupo de idade as que saen máis prexudicadas son as mulleres. Neste sentido, e dado que á xuventude lle corresponde unha situación máis desfavorable debido ás altas taxas de paro que soporta, os poderes públicos deberán proseguir coas políticas activas de emprego da mocidade, e, posto que son as mulleres novas as que máis sofren esta situación, tamén se debería apostar por aquelas medidas que contribúan a reducir as diferenzas entre homes e mulleres.

□□ No tocante ao nivel formativo dos parados galegos, case as dúas terceiras partes da totalidade teñen titulación de ensino obrigatorio ou titulación inferior. En consonancia con estas cifras poderíamos deducir que aqueles colectivos con baixo nivel de estudos contan con baixa cualificación e tendo en conta que o nivel de exigencia dos empregadores e cada vez maior, as dificultades para atopar traballo aumentan de maneira considerable. Cómpre, polo tanto, incidir sobre a importancia de que a poboación se forme.

□□ Da información recollida sobre os parados rexistrados por antigüidade na demanda, o dato a destacar é que se reproduce a situación do ano anterior: seguen sendo os parados que levan máis de 24 meses buscando traballo os que sofren as porcentaxes máis elevadas, e son as mulleres as que converten este colectivo nun dos que ten máis dificultades para acceder ao emprego e abandonar así as listas de parados.

□□ En canto aos parados rexistrados por sector económico, a maioría englobaos o sector servizos. De novo son as mulleres as que duplican as cifras dos homes. Mención especial require o sector da construción: á parte da xa coñecida pouca presenza feminina, o máis destacado é que o paro descendeu pero con porcentaxes sensiblemente inferiores ás do ano anterior.

□□ Tal como acontecía no ano 2006, e en relación cos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, cabe sinalar que a maioría se concentran no grupo de “traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio”, seguidos moi de cerca polo grupo de “traballadores non cualificados”. Unha vez máis en ambos os casos o número de paradas é moito máis elevado que o de parados.

□□ Do estudo dos datos que ofrece a listaxe de ocupacións máis demandadas constatamos que son ocupacións relacionadas cunha alta taxa de temporalidade e baixa cualificación, e que as ocupacións que encabezan o ranking (dependente de comercio, en xeral, seguida de persoal de limpeza ou limpador, en xeral) son ocupacións marcadamente femininas.

Contratos

□□ Os datos de contratación recollidos nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ofrécennos unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2007.

□□ En 2007 rexistráronse en Galicia 864.632 contratos, 7.038 contratos máis que en 2006.

□□ Se atendemos á evolución da contratación dos últimos anos, obsérvase que o número de contratos crece pero en 2007 en menor media que en anos precedentes e, aínda que non se pode falar dunha tendencia negativa na contratación, todo apunta a que imos cara a unha ralentización no crecemento do emprego.

□□ Tal como sucedía co número de empresas, traballadores e autónomos, e tamén cos datos sobre parados, as provincias da Coruña e Pontevedra concentran máis do 80% dos contratos rexistrados en Galicia, confirmando as profundas diferenzas e desigualdades que existen na nosa Comunidade Autónoma. Así, fronte as provincias atlánticas, onde se atopan as grandes cidades galegas caracterizadas por un gran dinamismo económico e por un tecido produtivo desenvolvido, existe outra Galicia, sobre todo no interior, onde a realidade socioeconómica é ben distinta: comarcas caracterizadas por un escaso ou inexistente tecido produtivo, comarcas con problemas de empregabilidade e de inserción laboral que, ante a falta de expectativas, propician que a xente nova abandone o campo cara aos núcleos urbanos deixando o medio rural cun crecemento vexetativo negativo e cunha poboación envellecida.

□□ En canto ao sexo, existen diferenzas: o número de contratos ás mulleres galegas é inferior ao dos homes, porén, a contratación feminina aumenta a máis ritmo que a contratación masculina, ata tal punto que no ano 2007 o número de contratos a mulleres aumentou en 9.556 respecto ao ano anterior, mentres que a contratación masculina diminuíu en -2.518 contratos. Analizando estes datos deducimos que, malia as enormes dificultades con que se atopan as mulleres para acceder ou permanecer no mercado de traballo, a participación feminina vai en aumento, especialmente no sector servizos, e, aínda que todo apunta a que este proceso de participación da muller seguirá en aumento, o que suporá que se vaian reducindo as desigualdades de sexo, é necesario seguir actuando nesta dirección.

□□ Desde a perspectiva da idade, a maioría dos contratos realízanse con menores de 36 anos, quizais debido a que son os mozos e mozas os que soportan maiores taxas de temporalidade. Pola contra, observamos unha tendencia xeral de diminución progresiva da contratación a medida que avanza a idade do traballador; neste caso a diminución, ao contrario do que acontecía coa xente nova, pode deberse a que os traballadores de máis idade xa teñen emprego estable.

□□ Polo que se refire á análise da contratación tomando como referencia os niveis académicos, a contratación demanda maioritariamente titulados de ensino obrigatorio seguido do grupo de ata certificado de escolaridade, concentrando estes dous grupos o 59,45%. Deste dato podemos deducir que a contratación en Galicia está asociada a empregos de baixa cualificación, pero tamén pode darse o caso de que persoas cun elevado nivel de formación e cualificación (sobre todo mozos) se vexan obrigados a aceptar empregos de menor cualificación perdéndose a formación e os coñecementos que poderían achegar. Por outra parte, e xa

como dato positivo, nos postos en que se require titulados superiores son maioría as mulleres, chegando case a duplicar no número de contratos respecto aos homes. Este feito pon de manifesto os cambios sociolóxicos que se están a producir no noso país, onde a participación das mulleres no sistema educativo é cada vez maior, ata tal punto que na actualidade obteñen máis títulos universitarios que os homes e en certos ámbitos, como pode ser o emprego público, a súa presenza non para de crecer.

□□ No mercado laboral galego a contratación temporal segue a concentrar máis do 62% da totalidade da contratación fronte ao 9,4% que supón a contratación indefinida. Porén neste último quinquenio foi esta última a que medrou a maior ritmo, especialmente no ano 2006, talvez debido a que o pulo achegado polo poderes públicos ás políticas de fomento da contratación indefinida empeza a dar os seus froitos: por exemplo, o gran número de conversións en indefinidos tendo en conta especialmente aqueles colectivos máis desfavorecidos .

Aínda así, o mercado laboral galego segue sen superar as altas taxas de temporalidade, que afectan especialmente no caso da mocidade ás mulleres, ata tal punto que o índice de rotación segue aumentando e se sitúa en 2007 en 2,08 contratos por persoa, o que coloca o noso país cun índice de temporalidade moi superior ao de moitos países do noso contorno. Isto supón un efecto perverso que acentúa a precariedade no emprego, especialmente no caso da xente nova, que, ao depender de contratos de curta duración, teñen que retrasar a súa emancipación. Tamén a sinistralidade laboral vai da man da precariedade e temporalidade no emprego, sendo o número de accidentes de traballo maior nos traballadores temporais. A temporalidade incide ademais negativamente no eido laboral e humano, pois ocasiona frustración, estrés, desmotivación...

É necesario, xa que logo, seguir apostando por aquelas políticas de emprego que melloren o emprego, o que pasa necesariamente por acadar un emprego estable e de calidade.

□□ Cómpre salientar que os contratos a tempo parcial, tanto indefinidos como temporais, teñen unha maior incidencia no colectivo de mulleres. Este tipo de contrato non deixou de aumentar no último quinquenio, pero segue presentando porcentaxes moi inferiores ás doutros países do noso ámbito xeográfico. As causas destas cifras poden ser de tipo cultural ou, o que é máis probable, deberse a que este tipo de contrato teña menos protección social, os salarios sexan baixos ou que as necesidades dos empresarios xa se cobren cos contratos temporais porque lle resultan máis vantaxosos.

Sen dúbida ningunha, o contrato a tempo parcial, se fose voluntario, podería ser unha boa opción para aqueles que desexen compatibilizar a vida familiar e laboral, así como para aqueles mozos que queiran compatibilizar os estudos con traballo, ou como medio para conseguir experiencia laboral e evitar así quedar excluídos do mercado laboral (mesmo en moitos casos existe a posibilidade de se converter nun posto de traballo estable). Pero a impresión é que a voluntariedade non está clara. Máis ben semella que, ante a imposibilidade de atopar traballo a xornada completa, esta modalidade pasa a ser a única vía de inserción laboral que lles ofrece o mercado, aínda que sexa unha opción precaria que nalgúns ocasións encobre o traballo a tempo completo e que responde máis ás necesidades de flexibilización do contorno de traballo empresarial (xa que en moitos casos non hai horario establecido) que ás necesidades do traballador.

□□ Se analizamos a contratación por sectores económicos, observamos que non existen cambios considerables respecto a anos anteriores. O sector primario (agricultura e pesca), sector destacado tradicionalmente na nosa Comunidade, é o que ofrece un menor número de contratos e, aínda que a tendencia é a perder máis contratos tanto nas explotacións agrogandeiras como no sector pesqueiro, este sector continúa sendo importante no conxunto de Galicia. Este sector xa non ten o papel destacado de épocas precedentes, tanto é así que a súa evolución negativa supuxo en moitos casos que, ante a falta de condicións atractivas, se producise un abandono do campo provocando unha desertización do medio rural en favor das cidades e conformando unha realidade socioeconómica ben diferente. En definitiva, e con independencia de que desde as administracións se estean a adoptar medidas para dinamizar a agricultura, a pesca e o sector forestal, o certo é que este sector segue a perder postos de traballo.

O sector secundario, integrado maioritariamente pola industria, experimenta unha evolución negativa agás en 2006, cando tivo unha lixeira recuperación. Así pois as cifras indican que o sector secundario galego, xa de por si escaso, acaba o ano cun balance negativo no que a contratación se refire.

A contratación na construción ao longo do ano 2007 supera a da industria, o que a converte no sector protagonista da actividade económica, cun crecemento continuado ata 2006. A partir dese momento amosa un cambio de tendencia cunha mingua importante de contratos, o que nos indica que o sector da construción rematou o ano 2007 con síntomas de desaceleración.

No que atinxe ao papel da muller no sector da construción, cabe dicir que estamos ante un sector claramente masculinizado onde a presenza da muller segue a ser testemuñal. A pesar de que, grazas aos avances tecnolóxicos, hoxe xa non se require esforzo físico para a maioría dos postos de traballo, son poucos os contratos que se realizan con mulleres e todo apunta a que a maioría destes son para postos cualificados ben no campo de traballos administrativos ou de carácter técnico.

O sector servizos segue a ser o sector fundamental do emprego en Galicia; as tres cuartas partes dos contratos localízanse nel. Nos últimos cinco anos manifesta unha tendencia xa coñecida: o incremento paulatino dos contratos. As razóns a esta evolución favorable poden estar en que a importancia deste sector, que engloba numerosas actividades, é propia de economías desenvolvidas onde o aumento do nivel de vida incide directamente nun aumento do consumo de servizos públicos que son cada vez máis numerosos e máis especializados. Tamén pode ser debido a que este sector está vinculado a subsectores relacionados coa estacionalidade no emprego, como pode ser a hostalaría. Isto favorece a rotación da contratación facendo dos servizos un sector especialmente sensible aos contratos temporais e a unha man de obra de escasa cualificación, o que, por outra parte, facilita o transvase de traballadores do sector primario e secundario ao sector servizos.

□□ Seguindo coa a análise ocupacional da contratación, tomando como referencia os grandes grupos de ocupación e en concordancia co descrito respecto ao sectores económicos, podemos indicar que o maior número de contratos corresponde ao gran grupo de ocupación traballadores non cualificados, o que, xunto con outras variables xa comentadas, parece apuntar que no mercado laboral galego existe un elevado peso daquelas ocupacións que requiren baixa cualificación, e isto a pesar de que as xeracións máis novas son as que accederon a maior nivel de estudos da nosa historia e que cada vez son máis os mozos que cursan estudos universitarios.

□□ Por último e no tocante ás ocupación máis contratadas, a maioría están relacionadas co sector servizos e coa construción. Destas ocupacións hai algunhas claramente masculinas e outras femininas: un exemplo de ocupación masculina é o caso dos albaneis e canteiros, onde o número de contratos a mulleres representa o 2,6% da totalidade dos contratos que se realizaron en 2007; e de feminina, a ocupación de dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados, cun número de contratos a mulleres que supón o 84,9%.

Por outra parte, vendo as ocupacións máis contratadas, podemos deducir que se trata de ocupacións de baixa cualificación, baixa remuneración, cunha elevada temporalidade e moi vinculadas á precariedade.



Unión Europea
Fondo Social Europeo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

